
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA FINCA ALTOS DE TORONA NO CONCELLO DE TOMIÑO



DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

TOMO II. ANEXOS

Xuño de 2016





**ANEXO 5. DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN DE
IMPACTO AMBIENTAL DA AMPLIACIÓN DA PARCELA. 15/05/2006**



Aprobación definitiva Plan Especial de Protección
da Finca Altos de Torona no Concello de Tomiño
05 de Outubro de 2017



XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de Calidade e Avaluación Ambiental

San Lázaro, 27
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

DECISIÓN DO 15 DE MAIO DE 2006 DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN NOS LÍMITES E NA SUPERFICIE DUNHA PARCELA AFECTADA POLA IMPLANTACIÓN DUN VIÑEDO, NO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR MERCANTIL VIÑEDOS VILACHÁN, S.L. (CLAVE:2002/0640).

O proxecto obxecto desta Decisión refírese á modificación nos límites e superficie dunha parcela na que con anterioridade levouse a cabo a implantación dun viñado (proxecto sometido ó trámite de avaliación de impacto ambiental contando con Declaración de Impacto Ambiental (DIA) formulada por esta Dirección Xeral de Calidade en data 12 de maio de 2004), no Monte Galego (M.V.M.C. de Tomiño), todo elo no concello de Tomiño (Pontevedra) promovido por Viñedos Vilachán S.L.

O proxecto contempla unha serie de cambios derivados, dunha parte da eliminación da zona baixa que afecta ó regato Bravos e da parcela que cruza o río Lalxa Negra, así como a un conxunto de muros antigos asociados ó mesmo e, doutra parte, do incremento de superficie debido ás modificacións nos límites por mor do axuste realizado ó longo do perímetro da parcela (no seu día o estado do monte non permitía diferenciar con precisión suficiente a localización dos marcos que delimitan a ladeira Noroeste da parcela) ademais de que froito dunha permuta incrementábase unha superficie, antes propiedade particular e actualmente tenida en cesión da comunidade de montes. Deste xeito, a superficie total afectada pola implantación do viñado co proxecto agora plantexado, sería dunhas 93,34 ha.

Asemade, introdúcense certas modificacións nos corredores ecolóxicos propostos no seu día como medida correctora no proxecto orixinal motivo polo que, entre outros, en data 25 de abril de 2005 solicitouse informe á Dirección Xeral de Conservación da Natureza quen xa fora consultada na tramitación ambiental do proxecto primitivo sometido a tramitación ambiental.

O Real Decreto Lexislativo 1302/1988 de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, establece, no seu artigo 1, que os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase ós criterios establecidos no anexo III.

O proxecto presentado atópase no grupo 1, apartado d) do anexo II do citado Decreto, "Proxectos para destinar áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva non incluídos no anexo I".

DECISIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN NOS LÍMITES E NA SUPERFICIE DUNHA PARCELA AFECTADA POLA IMPLANTACIÓN DUN VIÑEDO, NO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, 10
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA

En base á documentación aportada e información dispoñible e, revisados os criterios indicados no citado anexo III, cabe destacar que:

- Segundo indica a Dirección Xeral de Conservación da Natureza no seu informe de 16 de marzo de 2005, o solo de referencia non se atopa dentro de ningún espazo protexido declarado conforme a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza e o Decreto 1997/1995, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e, tampouco afecta a ningún humidal protexido catalogado no Inventario Galego de Humidais. Informan asemade, que na devandita parcela non se ten detectado a presenza de hábitats, ecosistemas ou especies de especial relevancia, interese ambiental ou singularidade.
- Non se prevé a aparición de novos efectos e/ou impactos distintos ós considerados na DIA de data 12 de maio de 2004 e, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza indica que non se prevén alteracións significativas dos valores naturais sempre que se sigan todas as medidas contempladas no proxecto.
- Elimínanse do proxecto inicial sometido a avaliación de impacto ambiental, unhas superficies, probablemente as de maior valor ambiental e cultural (as asociadas ós ríos anteriormente citados así como a dos mullíos).
- A intención do promotor é a de ampliar o ámbito de cumprimento da antedita DIA a toda a superficie afectada (incluída a engadida agora á parcela e que é obxecto da presente Decisión).

Á vista do antedito e sempre que se cumpran as condicións indicadas no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (datado o 16 de marzo de 2005) así como todas as medidas contempladas na DIA de data 12 de maio de 2004, esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en virtude do artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 1302/1986 de 28 de xuño, decide que non é necesario someter ó trámite de avaliación de impacto ambiental o proxecto obxecto da presente decisión.

Todo o anterior decidese sen detrimento doutras autorizacións, permisos e/ou informes pertinentes para a execución do proxecto, incluído o contido dos mesmos.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2006

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Asdo: Joaquín Lucas Buergo del Río

DECISIÓN SOBRE A NECESIDADE OU NON DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN NOS LÍMITES E NA SUPERFICIE DUNHA PARCELA AFECTADA POLA IMPLANTACIÓN DUM VIREDO, NO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).

